CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do acondicionamento físico, que ha servir de punto de partida para a elaboración do <u>proxecto empresarial</u>	• OU.7	S	10
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa	• OU.8	S	20

TOTAL
100
4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade física ou a saúde (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. Actuación das persoas emprendedoras no sector do fitness. O risco como factor inherente á actividade emprendedora. Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do acondicionamento físico.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A cultura emprendedora. Introducción.		<ul style="list-style-type: none"> Explicación da importancia da cultura emprendedora como fonte de creación de emprego e benestar social. Valora a cultura emprendedora, o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> Material facilitado polo profesor. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 OU.2 	2,0
O empresario.		<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de empresario, requisitos, aptitudes, actitudes e a importancia da iniciativa individual Analiza o concepto de empresario, requisitos, aptitudes, actitudes e a importancia da iniciativa individual. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Material facilitado polo profesor. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 OU.4 	4,0
A idea: Creatividade e innovación		<ul style="list-style-type: none"> Explicación da importancia da iniciativa individual, creatividade, a formación e a colaboración. Recoñece a importancia da iniciativa individual, creatividade, a formación e a colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Material facilitado polo profesor. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.5 OU.6 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Valoración da idea.		<ul style="list-style-type: none"> • Ensinar como buscar ideas emprendedoras no ámbito de acondicionamento físico e deportivo. • Busca ideas emprendedoras relacionadas no de acondicionamento físico e deportivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.7 	2,0
Proxecto empresarial		<ul style="list-style-type: none"> • Axuda a definir unha idea de negocio como punto de partida para a elaboración dun plan de empresa. • Selecciona a idea de negocio para a elaboración dun proxecto empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.8 	1,0
TOTAL						12,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A EMPRESA E O SEU CORTORNO.	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir as funcións básicas que se realizan nunha empresa e analizar o concepto de sistema aplicado a empresa. 1.2 Describir os principais compoñentes do entorno xeral e específico.	1	A empresa como sistema, o seu contorno xeral e específico	2,0
2.1 Identificar e describir os elementos que rodean a unha peme	2	Análise das relacións dunha peme co seu contorno.	2,0
3.1 Valorar a cultura empresarial, a imaxe corporativa e a súa relación cos obxectivos empresariais.	3	Cultura empresarial e imaxe corporativa.	2,0
4.1 Elaborar o balance social dunha empresa e describir os principais costes sociais nos que incurre e beneficios sociais que xenera. 4.2 Identificar prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	4	Responsabilidade social da empresa. A ética empresarial.	2,0
5.1 Identificar os conceptos de mercado, oferta e demanda. 5.2 Analizar os elementos básicos para realizar un estudo de mercado.	5	Estudo do mercado	3,0
6.1 Recopilar e analizar información para a elaboración do plan de márketing.	6	Proxecto empresarial: Plan de márketing.	1,0
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego	• OU.1	N	0
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas	• OU.2	S	15
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural	• OU.3	S	10
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico	• OU.4	N	0
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de fitness en función da súa posible localización	• OU.5	S	15
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial	• OU.6	S	10
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co sector do fitness e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen	• OU.7	N	0

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de fitness, prácticas que incorporen valores éticos e sociais	• OU.8	S	10
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais	• OU.9	S	5
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais	• OU.10	S	10
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de fitness, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial	• OU.11	S	5
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing	• OU.12	S	20
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</p> <p>Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de fitness: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</p> <p>Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de fitness: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.</p> <p>Localización da empresa.</p> <p>A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</p> <p>Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.</p> <p>Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.</p> <p>Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A empresa como sistema, o seu contorno xeral e específico		<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da empresa como sistema e a súa estrutura organizativa. Organigramas. • Explicación dos elementos do contorno xeral e específico. • Defínense as funcións básicas dunha empresa e realiza un organigrama • Analiza os elementos do contorno xeral e específico. 	• Actividades resoltas.	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.3 • OU.4 • OU.5 	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análise das relacións dunha peme co seu contorno.		<ul style="list-style-type: none"> • Análise das relacións dunha peme co seu entorno. Análise DAFO. • Identifica os elementos do entorno dunha peme de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 	2,0
Cultura empresarial e imaxe corporativa.		<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos conceptos de cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa relacionada cos obxectivos empresariais. • Valorar a cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.2 • OU.9 • OU.10 	2,0
Responsabilidade social da empresa. A ética empresarial.		<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da importancia do balance social dunha empresa e descrición dos principais custos sociais nos que incorren así como os beneficios sociais que producen. • Explicación da importancia do código ético dunha empresa • Analiza e valora o balance social dunha empresa. • Identifica prácticas que incorporen valores éticos e sociais en empresas de acondicionamento físico e deportivo 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.6 • OU.7 • OU.8 	2,0
Estudo do mercado		<ul style="list-style-type: none"> • Explica a organización dos recursos dispoñibles, a externalización de actividades da empresa. Estudo do mercado e márketing • Identifica os conceptos de oferta e demanda do mercado. Describir, recopilar e realizar estudos do mercado analizando a información obtida. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.11 	3,0
Proxecto empresarial: Plan de márketing.		<ul style="list-style-type: none"> • Supervisa as tarefas relacionadas cos trámites de constitución, posta en marcha, estudo de mercado e plan de márketing. • Elabora as actividades correspondentes a este apartado do proxecto empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.12 	1,0



	TOTAL	12,0
--	-------	------

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA EMPRESA.	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar as diferentes formas xurídicas da empresa.	1	Formas xurídicas das empresas.	5,0
2.1 Especificar o grao de responsabilidade legal dos propietarios da empresa en función da forma xurídica elixida.	2	Responsabilidade legal.	5,0
3.1 Analizar os trámites esixidos pola lexislación vixente para a constitución dunha peme. 3.2 Identificar as vías de asesoramentos e xestión externas existentes a hora de poñer en marcha unha peme.	3	Trámites de constitución e posta en marcha.	3,0
4.1 Realizar unha búsqueda das diferentes axudas para creación de empresas. 4.2 Identificar os principais instrumentos de financiación.	4	Axudas e subvencións.	3,0
5.1 Elexir a forma xurídica, trámites administrativos e viabilidade económica dunha empresa físico-deportiva.	5	Proxecto empresarial.	2,0
TOTAL			18

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial	• OU.1	S	15
CA3.2 Analízanse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio	• OU.2	S	15
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector do fitness	• OU.3	N	0
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida	• OU.4	N	0
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa	• OU.5	S	20
CA3.6 Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica	• OU.6	S	10
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa	• OU.7	S	10
CA3.8 Analízanse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de fitness tendo en conta a súa localización	• OU.8	S	10
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións	• OU.9	S	20
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresariado. A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de fitness. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Formas xurídicas das empresas.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • OU.3 • OU.5 	5,0
Responsabilidade legal.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.4 	5,0
Trámites de constitución e posta enmarcha.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.6 • OU.7 	3,0
Axudas e subvencións.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.8 	3,0
Proxecto empresarial.					<ul style="list-style-type: none"> • OU.9 	2,0
TOTAL						18,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCEIRA DUNHA EMPRESA.	21

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable.	1	Conceptos básicos de contabilidade.	3,0
2.1 Describir as técnicas básicas do análise da información contable, en especial no referente a solvencia, liquidez e rentabilidade da empresa	2	Plan financeiro.	3,0
3.1 Diferenciar o tratamento fiscal establecido para as diferentes formas xurídicas. 3.2 Outras obrigas fiscais e calendario fiscal.	3	Obrigas fiscais.	3,0
4.1 Cumprimentar a documentación básica de carácter comercial e contable para unha peme. 4.2 Describir os circuitos que dita documentación percorre na empresa así como as características dos mesmos.	4	Documentación comercial-contable.	5,0
5.1 Elaborar o plan financeiro e analizar a viabilidade económica e financeira.	5	Proxecto empresarial	7,0
TOTAL			21

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais	• OU.1	S	15
CA4.2 Descríronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa	• OU.2	S	20
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector do fitness, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais)	• OU.3	S	20
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisionais e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de fitness	• OU.4	S	25
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial	• OU.5	S	20
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector do fitness.

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de fitness: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Conceptos básicos de contabilidade.		<ul style="list-style-type: none"> Análise de conceptos básicos de contabilidade, técnicas de rexistro da información contable. Describir técnicas básicas de análise da información contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Material facilitado polo profesor. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 	3,0
Plan financeiro.		<ul style="list-style-type: none"> Explicación de conceptos básicos que interveñen nun estudo de viabilidade económica e financeira dunha peme. Realizan o estudo da viabilidade económica financeira dunha peme. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas. Material facilitado polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 	3,0
Obrigas fiscais.		<ul style="list-style-type: none"> Explicación das diferentes obrigas fiscais segundo as diferentes formas xurídicas e diferenzar os tipos de impostos no calendario fiscal. Diferenciar o tratamento fiscal segundo as formas xurídicas e os tipos de impostos no calendario fiscal. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Material facilitado polo profesor. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentación comercial-contable.		<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da documentación relacionada coa compravenda: pedido, albarán e factura. • Explicación da documentación relacionada con pagamentos e cobramentos: recibo, letra de cambio, cheque e pagaré. • Cumprimenta diversos documentos de carácter comercial e contable para unha peme. • Cumprimentación de documentos de pagamento e cobramento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.4 	5,0
Proxecto empresarial		<ul style="list-style-type: none"> • Colabora na elaboración final do proxecto empresarial. • Elabora as actividades finais para a entrega do proxecto empresarial 	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material facilitado polo profesor. • Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.5 	7,0
TOTAL						21,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.

Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.

Analízanse as características das actividades emprendedoras no sector dos servizos relacionados co acondicionamento físico e deportivo.

Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.

Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do acondicionamento físico e deportivo, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.

Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.

Analízase o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.

Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de actividades físico-deportivas e de acondicionamento físico en función da súa posible localización.

Identifícanse, en empresas de actividades físico-deportivas e de acondicionamento físico prácticas que incorporen valores éticos e sociais.

Analízanse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.

Analízanse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.

Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.

Identifícanse os trámites exigidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.

Analízanse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de actividades físico-deportivas e de acondicionamento físico tendo en conta a súa localización.

Inclúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

Analízanse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa

relacionadas cas actividades físico-deportivas e de acondicionamento físico, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).

Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albaráns, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de actividades físico-deportivas e de acondicionamento físico, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.

Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase de forma continua e personalizada. A valoración dos aprendizaxes dos/as alumnos/as farase tomando como referencia os criterios que anteceden nesta programación. O nivel de cumprimento será medido con relación aos resultados de aprendizaxe do ciclo formativo.

Aplicarase do seguinte xeito:

- Traballos ou tarefas dos alumnos, que se puntuarán na escala de 0 a 10 (para que un traballo sexa calificado terá que ser debidamente entregado ao profesor/a na data indicada e non poderá ser copiado do compañeiro). A cualificación representará como mínimo o 20% da nota de cada avaliación, sempre que se correspondan cunha puntuación mínima dun 5, para poder facer media.
- O Plan de Empresa (segundo o plan Depoemprende o no seu defecto o do IGAPE) ponderará un 30% da nota da avaliación, sempre e cando se superen os exames correspondentes cunha puntuación mínima dun 5. Terase en conta a realización e a exposición do mesmo.
- Probas escritas, que agruparán as mesmas a realizar na data indicada para exame. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e a cualificación representará o 50% da nota de cada avaliación. Deberá acadar como mínimo un 4 en cada proba para facer media.

PROBAS ESCRITAS:

En cada avaliación poderán realizarse unha ou varias probas escritas, aínda que, preferiblemente, non se realizarán. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo, o profesorado avisará na aula cunha antelación non inferior a 48 horas (salvo forza maior).

Constarán de varias preguntas cortas, tipo test, cuestións de verdadeiro e falso e realización de supostos prácticos (poderá conter algunha ou varias destes tipos). O número de preguntas poderá variar.

As probas escritas serán cualificadas sobre 10 puntos e cada pregunta terá o valor que se indique na proba, de non indicarse terán todas o mesmo valor. A cualificación mínima para superar cada proba será de 5 puntos.

A cualificación dunha avaliación virá dada por:

$CA=0,50*(\text{media aritmética das probas escritas})+0,20*(\text{media aritmética das tarefas dos alumnos})+0,30*(\text{nota do Plan de Empresa})$. No caso de non haber probas escritas ese 0,5 se incrementará as tarefas realizadas polo alumnado.

Onde CA é a cualificación sobre 10 obtida na avaliación, esta nota será redondeada a unidade máis próxima.

Para superar a avaliación CA terá que ser ≥ 5 .

Para calcular a nota media compre ter unha nota igual ou superior a 5 en cada proba ou traballo.

A cualificación final no módulo virá dada pola suma das medias das notas obtidas nas avaliacións. Esta NOTA SERÁ REDONDEADA A UNIDADE MÁIS PRÓXIMA.

PARA A SUPERACIÓN DO MÓDULO COMPRE TER TODAS AS AVALIACIÓNS SUPERADAS.

Considerarase que a materia está aprobada cando a nota media do alumno entre a dos exames e os traballos e actividades realizadas acade un 5.

A cualificación final do módulo obterase como nota media das dúas avaliacións (50%) , e a presentación do plan de Empresa (30%) xunto cas actividades (20%). Para aprobar será necesario acadar un 50% en cada unha das partes. Esta NOTA SERÁ REDONDEADA A UNIDADE MÁIS PRÓXIMA.

PARA A SUPERACIÓN DO MÓDULO COMPRE TER TODAS AS AVALIACIÓNS SUPERADAS.

Para os alumnos que acaden unha puntuación mínima de 5 puntos, na avaliación final do módulo, terase en conta outros criterios para perfilar a súa cualificación final:

- Participación na aula.
- Os procedementos desenvolto para comprender o módulo.
- As técnicas de traballo.

A puntualidade, o respecto aos compañeiros e ao profesor, o coidado das instalación e materiais do Centro, etc., son aspectos que non forman parte da avaliación porque se consideran mínimos necesarios para poder formar parte da comunidade educativa.

O módulo é de carácter presencial, polo tanto a asistencia a clases non formará parte da avaliación.

O alumno será claramente informado da calibración das preguntas do exame.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumno que teña o módulo pendente, logo de realizada a segunda avaliación parcial, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, que se impartirán entre a data da segunda avaliación parcial e a data da avaliación final.

Se o finalizar o curso ou a duración do módulo, o alumno no acadou os obxectivos mínimos exixidos, planificaránselle actividades de recuperación o longo do curso seguinte ou ben durante o período de tempo no que o seus compañeiros están a facer a FCT.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumno que perdese o dereito de avaliación continua co cal, por razón da inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previsto inicialmente, tera dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final.

O número de faltas que implica a perda do dereito de avaliación continua nun determinado módulo, será do 10% da súa duración total.

Estes alumnos serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de carácter obxectivo sobre toda a programación do módulo.

Para estes alumnos a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva e deberá ser 5 ou superior para superar o módulo (expresada con números enteiros redondeada a unidade máis próxima)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O departamento da familia realizará cunha frecuencia mensual unha reunión para o seguimento da programación de cada módulo. Na devandita reunión reflectirase o grado de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.

A programación será revisada ó inicio de cada curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación de cada alumna e alumno, así como as súas capacidades, e servirá para orientar e situar ó alumnado en relación co seu perfil profesional correspondente.

A través da avaliación inicial procurarase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, segundo proceda en cada caso concreto (asesorados polo departamento de orientación).

Os instrumentos empregados para realizar este diagnóstico son :

Proba test o preguntas cortas.

Calquera outra proba que permita identificar os seus coñecementos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dependendo dos contidos que se desenvolvan, realizaranse diferentes actividades individuais e en grupo, para que os alumnos/as reflexionen sobre a necesidade e a utilidade da información ata que adquiran as destrezas necesarias para o seu manexo.

A atención específica a este alumnado ten por finalidade que estes alumnos poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

O artigo 73 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006 de educación, define ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) como ¿aquele que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade (diversidade funcional) ou trastornos graves de conduta, da comunicación e linguaxe, por un período da súa

escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenvolvemento.

Os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado (...), atendendo á súa diversidade (art. 18) e especifica que os referentes de avaliación, no caso de ACNEE, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirles a promoción ou titulación. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do ACNEE (art. 28.10 de avaliación e promoción).

Complementando a normativa legal a propia Consellería ten protocolos de actuación para alumnado con dificultades de aprendizaxe (Educonvives) que se toman en consideración.

Tomando en consideración todo o anterior o departamento de Orientación do centro elaborou un dossier que foi posto a disposición de todo o profesorado para guiar a adaptación das respectivas programacións didácticas e que se toma en consideración neste apartado.

A través da avaliación procurábase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poñíanse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención a diversidade, como proceda en cada caso concreto (asesorados polo Departamento de Orientación).

O Departamento propón para o resto de alumnos que precisen actividades de reforzo e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptábase o ritmo de introdución de novos conceptos. Utilizáronse metodoloxías diversas, dependendo dos contidos que se desenvolvan (cuestións con respostas conceptuais, propoñer debates, redactar e cumprimentar documentos, realizar organigramas, actividades fora da aula en relación co módulo, simulacións na aula...)

Aplicaremos as medidas necesarias en función das necesidades específicas detectadas segundo o disposto no D. 229/2011 e no Dossier elaborado polo Departamento de Orientación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Unha das características esenciais que debe asumir o ensino actual é o seu compromiso cunha serie de valores básicos para a vida e para a convivencia, e dicir, a incorporación efectiva nos seus proxectos dos valores éticos (xustiza, solidariedade, igualdade, tolerancia, respecto, paz, saúde,...) que favorezan e fagan posible unha sociedade máis humanizada e democrática.

A educación nos valores non é, soamente, unha dimensión do aprendizaxe a ter en conta no proceso educativo, senón que constitúe un dos factores básicos que determinan a calidade do ensino.

Os valores que favorecen a madurez intelectual e humana dos alumnos englobáanse nas chamadas ensinanzas ou temas transversais, que non constitúen en si mesmos unha asignatura ou módulo, senón que deben ser tratados dende perspectivas académicas distintas e, polo tanto, inciden parcialmente na programación curricular das diferentes áreas.

O Departamento de Formación e Orientación Laboral debe facer fincapé nas súas ensinanzas na necesidade de tratar temas de Ética Empresarial e Responsabilidade Social Corporativa. En todos os módulos, trátase o obxectivo social das empresas e os valores que despois se indican. Ocupámonos da ética no mundo dos negocios e trataremos de que o alumnado comprenda os principios morais e as normas que guían o comportamento no mundo dos negocios. Como é lóxico tamén é preciso analizar as cuestións éticas da nosa vida. Nas ensinanzas transversais tamén se propoñen valores que deben ser transmitidos:

Educación para a igualdade entre os sexos
Educación para a saúde
Educación ambiental
Educación do consumidor

Utilizarase a prensa para comentar noticias relacionadas co módulo ou termos económicos para que se familiaricen co novo vocabulario.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares xogan un papel esencial no reforzo e na dinamización do proceso formativo, dentro e fóra do centro.

As actividades previstas no Departamento son as seguintes:

A impartición da materia enmarcarase dentro do programa Depoemprende da Deputación de Pontevedra se o centro é seleccionado. E participará nos concursos de ámbito autonómico e nacional nos que sexan posibles presentar os Plans de Empresa.

Charlas impartidas polo Viveiro de Empresas, Concello, Uned e Asociación de empresarios do Deza.

Actividades diversas coma:

- Xornadas de Orientación Laboral
- Presentación dos Proxectos Empresariais
- Asistencia ao Xulgado Mercantil

Visitas a empresas e outras organizacións.

Comercio Xusto.

Participación en charlas nas que interveñan exalumnos que xa remataron o ciclo formativo e empresarios para valora-las experiencias profesionais e persoais.

10. Outros apartados

10.1) INFORMACIÓN SOBRE A PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNO

O comenzo de curso, o profesor comunicoulle ó alumnado os criterios de cualificación do módulo. Tamén indícalles onde poden atopar toda a información relativa o currículo da materia pertencente ao ciclo.

10.2) COPIAR NOS EXAMES

Copiar nos exames será considerado moi grave e os que sexan collidos copiando irán con esa parte ao final para poder recupera-la. A utilización do móbil no exame estará considerado como estar copiando, polo que terán que deposita-lo antes de comenza-lo exame na mesa do profesor.